



ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DE UN POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A-APARELLADOR/A-GRADUADO EN ENXEÑARÍA DE EDIFICACIÓN

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN

*Esta convocatoria ten por obxecto a contratación de DE UN POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A-APARELLADOR/A-GRADUADO EN ENXEÑARÍA DE EDIFICACIÓN, que será contratado/a mediante o sistema de **CONCURSO** para a prestación dos seus servizos no Concello de Mondoñedo, por un período de 10 meses.*

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007 de 7 de abril, do Estatuto Básico do emprego público, e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

- A) Arquitecto/a Técnico/a-Aparellador/a-Graduado en Enxeñaría da Edificación.*
.- Número e denominación dos postos: 1 arquitecto/a técnico/a-aparellador/a-graduado en Enxeñaría de Edificación.
.- Titulación mínima requirida: Arquitectura Técnica-Aparellador-Graduado en Enxeñaría de Edificación.
.- Modalidade contractual: laboral, por obra ou servizo de duración determinada a tempo completo, por un período de 10 meses.
.- Funcións: Traballos propios da profesión entre os que se inclúen coordinacións de seguridade; direccións de execución de obras; direccións de obra no ámbito das súas competencias; redacción de proxectos e estudos técnicos, vinculados ao Concello e colaborar con todos os traballos técnicos que realice a Oficina de Rehabilitación e os Servizos Técnicos Municipais.

TERCEIRA.— SISTEMA DE SELECCIÓN

*Establécese o sistema de **CONCURSO**: Valoración de méritos e entrevista persoal. Ningún mérito poderá puntuar en máis dunha ocasión por apartado, nin en máis dun apartado. Non se terá en conta ningún mérito alegado polos solicitantes que non estea debida e documentalente xustificada. En ningún dos apartados se poderá conseguir unha puntuación superior a aquela que se especifique, en cada un deles, como máxima puntuación posible.*



CUARTA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1 *Tódolos requisitos xerais así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.*

2 *Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunilos seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección.*

a) *Ser español ou cidadán membro do Estado da Comunidade Europea nos termos da Lei 17/93 de 23 de decembro, modificada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro de 1999.*

b) *Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación.*

c) *Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido nas bases para ingresar no posto de referencia na data que remate o prazo de presentación de instancias.*

d) *Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do posto.*

e) *Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.*

f) *Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.*

g) *Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.*

QUINTA.—SOLICITUDES

1.- *As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto do traballo convocado ó que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.*

2.- *O prazo de presentación de instancias remata o 20 de abril, inclusive.*

3.- *As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coa modificación introducida pola Lei 4/99, sempre e cando o Concello teña coñecemento da presentación desa documentación na data en que remata o prazo de presentación de solicitudes. O modelo de instancia é o Anexo II das presentes bases de convocatoria.*

O modelo de instancia complementase no Anexo II.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.

.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

.- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (Ver a Base Oitava, Baremo de Méritos).

.- Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.



SEXTA.—ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1 Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde aprobará, ao día seguinte a lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación do motivo da exclusión. A lista farase pública de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello.

2 Durante os dous días seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, poderase solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

3 Rematado este prazo a Alcaldía – Presidencia procederá á aprobación da Lista Definitiva de admitidos e excluídos, designarase ó Tribunal Cualificador. Esta lista farase pública de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello.

4 Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá dita exclusión.

SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estarán integrados polos seguintes membros:

Presidente: Un empregado municipal. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue. Con voz pero sen voto.

Vogais:

— Tres empregados do Concello. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituída cando exista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

OITAVA.—PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O sistema de selección, como se expresa na Base Terceira da presente convocatoria, será de concurso.

Fase de Concurso: Valoración de Méritos.

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo



contido nas bases, na Casa do Concello na data e máis na hora que será determinada pola Alcaldía.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo establecido nas bases de selección, en función da documentación achegada polos aspirantes, non sendo obxecto de valoración aqueles méritos que non se tivesen presentado en tempo e forma.

Os resultados da avaliación de méritos publicaranse no taboleiro de anuncios. As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o coeficiente a cualificación definitiva. Esta puntuación publicárase no taboleiro de anuncios do Concello.

BAREMO DE MÉRITOS

1.A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

1 Por experiencia profesional debidamente acreditada en funcións similares ás do posto que vai a desenvolver: 0,10 puntos por cada mes completo, cun contrato de duración determinada a tempo completo, e 0,05 puntos, por cada mes completo cun contrato de duración determinada a tempo parcial.

Ata un máximo de 7 puntos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo ou certificado da entidade contratante e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- no caso de traballadores autónomos ou inscrito en Colexio Profesional: Certificación Colexial dos traballos realizados, e ademais, Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou mutualidade profesional.
- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima neste apartado de experiencia profesional é de 7 puntos.

1.B) FORMACIÓN

1 Titulacións complementarias.- Por posuír titulacións académicas distintas ás esixidas para participar no proceso de selección. En todo caso, estas **titulacións** deberán **complementa-la mínima esixida** de igual ou superior rango: 0,5 puntos por cada unha.

A puntuación máxima neste subapartado será de 1 punto.

2 Formación específica en prevención de riscos laborais.-

No caso de ser Técnico superior 1 punto.

No caso de acreditar o nivel medio 0,5 puntos.

A puntuación máxima neste subapartado será de 1 punto.

3 Por cada curso, master, postgrao de Rehabilitación directamente **relacionado coas funcións propias do posto a que se opta** realizados nas Administracións



Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Cursos de ata 50 horas ou duración non acreditada: 0, 05 puntos por cada un.*
- Cursos de mais de 50 horas e ata 200 horas: 0,15 puntos por cada un.*
- Cursos de mais de 200 e ata 500 horas: 0,30 puntos por cada un.*
- Por cada curso de especialización ou másters de rehabilitación de duración igual ou superior a 500 horas: 1 punto.*

A puntuación máxima neste subapartado será de 2 puntos.

4 Cursos.- *Por cada curso, master, postgrao directamente relacionado coas funcións propias do posto a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :*

- Cursos de ata 50 horas ou duración non acreditada: 0, 05 puntos por cada un.*
- Cursos de mais de 50 horas e ata 200 horas: 0,10 puntos por cada un.*
- Cursos de mais de 200 e ata 500 horas: 0,25 puntos por cada un.*
- Por cada curso de duración igual ou superior a 500 horas: 0,5 punto.*

A puntuación máxima para o subapartado de cursos é de 1 puntos.

A puntuación máxima para o apartado de formación é de 5 puntos.

1.C) COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.

Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

- 1.- Curso de iniciación, Celga 2 ou validación correspondente: 0,5 puntos.*
 - 2.- Curso de perfeccionamento, Celga 4 ou validación correspondente: 1 punto.*
- De acreditarse os dous só se validará o de nivel máis alto.*

A puntuación máxima para o apartado de coñecemento do idioma galego é de 1 punto.

ENTREVISTA

1 O tribunal realizará a cada candidato/a unha entrevista, na que se formularán preguntas relacionadas cos coñecementos teóricos e prácticos do posto ó que se opta. A puntuación máxima que se pode acadar pola entrevista de traballo será de 2 puntos.

NOVENA.—PUNTUACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, outorgada polo baremo de puntos e pola entrevista, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

O Tribunal aprobará e proporá para a contratación ao candidato/-a que máis puntuación obtivese do máximo posible.



DÉCIMA.—PUBLICACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Determinada a puntuación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación, acadando a condición de aprobado o/a aspirante que obteña a maior puntuación final. Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os seleccionados non asinen o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncien ao posto. A tal efecto confeccionarase unha lista de reserva.

O tribunal en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

DÉCIMO PRIMEIRA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

O Tribunal formulará proposta de nomeamento a favor do/-a aspirante seleccionado/-a para o posto de traballo, que será aquel/-a que obteña a puntuación máis alta, para que se faga o nomeamento e se formalice o contrato. Esta proposta será remitida á Alcaldía xunto co expediente e as actas do Tribunal.

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Copia autenticada do DNI.

b) Fotocopia compulsada do título esixido.

c) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou limitación física que impida o normal desenvolvemento da súa función.

d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se o aspirante aprobado tivese a condición de minusválido acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da praza.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade.

DÉCIMO SEGUNDA.—FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1 Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor da persoa proposta polo Tribunal estipulando como prazo máximo o día de comezo da obra/servizo, isto é, o 1 de agosto, a contar dende a data en que remate a presentación de documentos.

2 A resolución do concurso publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, sinalándose os recursos procedentes, efectuándose notificación individual ós efectos de formalización do respectivo contrato do posto de traballo convocado.



DÉCIMO TERCEIRA.—NORMA FINAL

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo. A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdicción Contencioso – Administrativa. Así o manda e asina o Sr. alcalde, M. Orlando González Cruz.

Mondoñedo, 7 de abril de 2009

O alcalde

M. Orlando González Cruz



ANEXO II (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
DNI....., nado/-a(data nacemento),
veciño/-a de....., con enderezo
en.....,
teléfono.....,

EXPON:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura da praza de
..... Arquitecto/a Técnico/a-Aparellador/a-Graduado en Enxeñaría
de Edificación para os Servizos Técnicos/Oficina de Rehabilitación do Concello de Mondoñedo.
(Lugo), publicada no....., de data.....

Que coñece e acepta as bases que rexerán para dita convocatoria, e declara que reúne todos
e cada un dos requisitos exixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a
presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que
rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:
(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Eivas (se procede)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a
tomar parte nas probas selectivas para o posto arriba indicado.

Mondoñedo..... de de 2009
(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

Praza do Concello, s/n
27740 Mondoñedo



ANUNCIO

PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DE UN POSTO DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A-APARELLADOR/A-GRADUADO EN ENXEÑARÍA DE EDIFICACIÓN

- A) Arquitecto/a Técnico/a-Aparellador/a-Graduado en Enxeñaría da Edificación.**
- .- Número e denominación dos postos: 1 arquitecto/a técnico/a-aparellador/a-graduado en Enxeñaría de Edificación.**
 - .- Titulación mínima requirida: Arquitectura Técnica-Aparellador-Graduado en Enxeñaría de Edificación.**
 - .- Modalidade contractual: laboral, por obra ou servizo de duración determinada a tempo completo, por un período de 10 meses.**
 - .- Funcións: Traballos propios da profesión entre os que se inclúen coordinacións de seguridade; direccións de execución de obras; direccións de obra no ámbito das súas competencias; redacción de proxectos e estudos técnicos, vinculados ao Concello e colaborar con todos os traballos técnicos que realice a Oficina de Rehabilitación e os Servizos Técnicos Municipais.**
- Prazo para presentación de instancias: o prazo remata o 20 de abril de 2009.**
- As Bases foron depositadas na Secretaría do Concello e poderán ser consultadas en horario de atención ó público, de 9 a 14 horas.**
- Mondoñedo, 7 de abril de 2009.**
- O Alcalde.- D. M. Orlando González Cruz.-**